

CONVENIO ESPECIFICO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y KYOWA KIRIN FARMACEUTICA S.L. PARA EL AVANCE EN EL DESARROLLO TECNOLÓGICO NECESARIO PARA EL DIAGNOSTICO PRECOZ EN ENFERMEDADES RARAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Kyowa Kirin Farmacéutica S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto apoiar o desenvolvemento tecnolóxico do Servizo Galego de Saúde, baseado na Intelixencia Artificial, co obxectivo de contribuír á mellora do diagnóstico precoz da Hipofosfatemia ligada ao Cromosoma X (XLH) dos pacientes do Sistema Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como actuacións prioritarias en materia de saúde o fomento da formación e a investigación científica e sanitaria, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica como elementos fundamentais de progreso. Concrétase dicha promoción da investigación no Plan Galego de Saúde e nas vixentes Estratexias de Innova Saúde y H2050 (web SERGAS).

KYOWA é unha compañía que se adica ao desenvolvemento, fabricación e comercialización de produtos farmacéuticos, especialmente nas áreas de dor oncolóxica e enfermidades raras, mantendo unha política activa de colaboración e fomento de actividades relacionadas coas ciencias da saúde e destinadas á mellora da atención sanitaria.

Por todo o anterior, KYOWA está interesada en aliñarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde expresados anteriormente, e implicarse como axente colaborador a través das pautas e liñas xerais contidas no presente convenio para o beneficio dos pacientes e do propio sistema de saúde, interese compartido por ambas institucións.

Existe polo tanto converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido, o que exclúe o ánimo de lucro, na medida en que aqueles non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017,

do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

